

## **BASES DO XURADO – PREMIOS DALLE LIKE**

### **1. Composición do xurado**

O xurado estará composto 3 por profesionais de recoñecido prestixio vinculados aos ámbitos da comunicación, o marketing, a creación de contido e protocolo, a cultura e o entorno dixital.

A organización resérvase o dereito de designar, modificar ou substituír as persoas membros do xurado cando o considere oportuno.

### **2. Independencia e obxectividade**

As persoas membros do xurado actuarán con total independencia, obxectividade e criterio profesional, comprometéndose a valorar as candidaturas de forma xusta e conforme aos criterios establecidos.

### **3. Conflito de intereses**

Calquera persoa membro do xurado que teña relación directa ou indirecta con algunha candidatura deberá absterse da súa valoración.

En caso de dúbida, será a organización quen determine a existencia de conflito de intereses.

### **4. Criterios de valoración**

As candidaturas serán avaliadas conforme aos seguintes criterios:

- **Calidade creativa:** Valorarase a orixinalidade, innovación e capacidade de xerar contido diferencial.

- **Autenticidade:** Terase en conta a naturalidade do perfil, a credibilidade e a coherencia entre a persoa/proxecto e o seu contido.

- **Profesionalidade e traxectoria:** Avaliarase a constancia, evolución e percorrido do proxecto ou creador/a no tempo.

- **Impacto e interacción reais:**Analizarase o nivel de engagement auténtico, a comunidade xerada e a calidade das interaccións, evitando métricas artificiais.

- **Coherencia do contido:**Valorarase a consistencia temática, estética e narrativa do perfil ou proxecto.

- **Aportación á identidade galega:**Terase en conta a capacidade de visibilizar, promover ou poñer en valor a cultura, lingua, territorio e talento galego.

- **Uso e promoción do idioma galego:**Valorarase o uso do idioma galego no contido, así como a súa contribución á súa normalización e difusión.

## 5. Sistema de puntuación

Cada criterio será valorado nunha escala de 1 a 10 puntos.

A puntuación final obterase aplicando a seguinte ponderación:

- Impacto e interacción reais: 25%
- Calidade creativa: 20%
- Autenticidade: 15%
- Profesionalidade e traxectoria: 15%
- Coherencia do contido: 10%
- Aportación á identidade galega: 5%
- Uso e promoción do idioma galego: 10%

## 6. Proceso de selección

A organización poderá realizar unha preselección de candidaturas.

O xurado avaliará ás persoas finalistas e determinará as gañadoras en cada categoría en base ás puntuacións obtidas.

## **7. Deliberación**

A deliberación do xurado poderá realizarse de forma presencial ou telemática.

As decisións adoptaranse por maioría simple.

## **8. Carácter das decisións**

As decisións do xurado serán inapelables.

## **9. Categorías desertas**

O xurado poderá declarar deserta calquera categoría se considera que as candidaturas non acadan o nivel requirido.

## **10. Confidencialidade**

As persoas membros do xurado comprométense a non divulgar información relativa ás candidaturas nin ás deliberacións internas.

## **11. Votación do público e do xurado**

### **Votación do público**

O público poderá votar ás súas candidaturas favoritas a través da web oficial dos Premios Dalle Like. O período de votación estará aberto ata o 30 de abril.

Cada persoa usuaria poderá emitir o seu voto conforme ás condicións establecidas na plataforma. A organización resérvase o dereito de validar os votos e eliminar aqueles que considere fraudulentos ou non lexítimos.

### **Valoración do xurado**

O xurado realizará a valoración das candidaturas finalistas o día 07 de maio, conforme aos criterios e sistema de puntuación establecidos nas presentes bases.

### **Sistema de ponderación**

O resultado final combinará a votación do público e a valoración do xurado do seguinte xeito:

- Voto do público: 30%
- Valoración do xurado: 70%

### **Control e transparencia**

A organización resérvase o dereito de auditar os resultados e aplicar medidas correctoras no caso de detectar irregularidades no sistema de votación.

### **12. Comunicación de resultados**

Os resultados non se farán públicos ata a celebración da gala dos Premios Dalle Like.

### **13. Aceptación das bases**

A participación como membro do xurado implica a aceptación íntegra das presentes bases.